IMPACTO SOCIOECONÓMICO DA PANDEMIA DA COVID-19 NO TERRITORIO DO RÍO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO

Francisco Xavier Martínez Cobas
Carlos María Fernández-Jardón
Universidade de Vigo

Edición
Deputación de Pontevedra

Tradución
Deputación de Pontevedra. Servizos Lingüísticos

Deseño e maquetación
Deputación de Pontevedra. Comunicación Institucional

Impresión
Deputación de Pontevedra. Imprenta Provincial

ISBN
978-84-09-36973-7

Depósito Legal
PO 504-2021

Nota dos autores

O informe que se presenta é o resultado da compilación de diferentes traballos, promovidos pola Deputación de Pontevedra, para avaliar o dano provocado polo restablecemento parcial da fronteira derivado das medidas de confinamento da poboación e restrición da mobilidade tomadas en 2020 polos estados español e portugués no marco das medidas de freo á pandemia ocasionada pola COVID-19

Para facilitar unha lectura integrada, modificáronse e adaptáronse os textos, concibidos como catro traballos específicos na súa orixe.

O primeiro informe de impacto entregouse en abril de 2020, e foise actualizando a medida que avanzaba o desconfinamento. Este informe correspóndese cos capítulos do primeiro ao quinto deste traballo.

O segundo informe tiña como obxectivo estimar o número de traballadoras e traballadores transfronteirizos, e realizouse en xuño de 2020. Este estudo correspóndese co capítulo sexto.

O terceiro estudo estivo motivado, xa durante o peche parcial de fronteiras de 2021, por documentar o perfil das persoas que se deron de alta no rexistro de persoas afectadas habilitado polo AECT Rio Minho na súa páxina web e foi presentado en marzo de 2021, correspondéndose co capítulo sétimo.

Por último, desde que en 2021 foron aparecendo datos oficiais sobre o impacto no PIB da pandemia, comezouse a realizar un estudo de impacto na área do AECT do dobre efecto dos confinamentos e do peche parcial de fronteiras. A primeira versión deste estudo presentouse en febreiro de 2021, e foise completando con información estatística posterior. Este impacto no PIB correspóndese co capítulo oitavo deste traballo.

Esperamos que as evidencias do sucedido axuden a documentar o dano, en boa medida gratuíto, provocado a ambas as beiras do río Miño e facilite a reparación preferente de danos cando Europa toma decisións conxuntas para a súa recuperación.

Queda tamén constancia de que, fronte á adversidade, a presión sobre o territorio e sobre os seus líderes locais demostrou a conciencia común de enfrontarse xuntos aos desafíos, resolvendo o día a día das persoas afectadas, e de responder localmente unidos á división xerada, coma no pasado, desde fóra.

CONTIDO

NOTA DOS AUTORES 5

1. INTRODUCIÓN 11

2. ÁMBITO DO ESTUDO 13

3. METODOLOXÍA EMPREGADA 14

4. ESTADO DE ALARMA E ESTADO DE EMERXENCIA 16

4.1. A crise sanitaria 16

4.2. Marco xurídico: estado de alarma e estado de emerxencia 17

4.3. A desescalada: fases en Galicia e estado de calamidade en Portugal 17

4.4. Inicio da crise económica. Consecuencias da COVID-19 e do marco regulador 18

4.4.1. Sectores nos que se interrompeu a actividade, coincidindo cos máximos de actividade do sector 19

4.4.2. Sectores nos que se interrompeu a actividade por forza maior 19

4.4.3. Sectores nos que a actividade se permite con limitacións, ou que son considerados esenciais 20

5. CONTROL DE FRONTEIRAS E PECHE DE PONTES 21

5.1. As consecuencias para as persoas 22

5.2. As consecuencias para as empresas 23

5.3 Estimación básica do custo de control de fronteiras 23

6. ESTIMACIÓN DE TRABALLADORES TRANSFRONTEIRIZOS AFECTADOS POLA REDUCIÓN DE PASOS 24

6.1. Definición de traballadores transfronteirizos 24

6.1.1. Introdución 24

6.1.2. Fontes empregadas 25

6.1.3. Unha aproximación ao concepto de traballadores transfronteirizos 25

6.2. Indicadores oficiais de mobilidade laboral por territorios 27

6.3. Número de traballadores afectados 28

6.3.1. Información por residencia cruzada entre Galicia e o norte de Portugal 28

6.3.2. Información por contratación e remuneración a cidadáns do outro Estado **29**

6.3.3. Información por contratación e remuneración a cidadáns residentes nun Estado traballando noutro **29**

6.3.4. Información por traballadores desprazados **30**

6.3.5. Información por categorías non contempladas nos escenarios anteriores **30**

6.4. Conclusións do capítulo **31**

7. ANÁLISE DO REXISTRO DE AFECTADOS POLO PECHE DA FRONTEIRA ENTRE GALICIA E PORTUGAL DURANTE AS RESTRICCIÓNS IMPOSTAS POLA COVID-19 EN 2021 **32**

7.1. Introdución **32**

7.2. Análise das e dos traballadores transfronteirizos cruzando o río miño: concepto e número **33**

7.3. Análise do rexistro de persoas afectadas **34**

7.3.1. Orixe por nacionalidade **34**

7.3.2. Orixe por sector económico **35**

7.3.3. Prexuízo declarado **35**

7.3.4. Orixe e destino das e dos traballadores **36**

7.3.5. Xénero das persoas afectadas na mobilidade laboral **38**

7.4. Conclusións do capítulo **39**

8. ESTIMACIÓN DA CAÍDA DO VALOR ENGADIDO BRUTO COMO CONSECUENCIA DO CONFINAMENTO E DO RESTABLECEMENTO DA FRONTEIRA **40**

8.1. Introdución e fontes empregadas **40**

8.2. Metodoloxía **40**

8.3. Estimación agregada do impacto da COVID -19 nos municipios do Miño **42**

8.4. Conclusións do capítulo **45**

9. CONCLUSIÓNS E POSIBLES MEDIDAS PARA IMPLEMENTAR **46**

AUTORES **49**

Francisco Xavier Martínez Cobas **49**

Carlos M. F.-Jardón **51**

1 INTRODUCIÓN

A crise provocada pola Covid-19 desde o pasado mes de marzo de 2020 ten un considerable impacto sobre toda la sociedade. A proclamación do estado de alarma en España polo Real decreto 463/2020, de 14 de marzo de 2020, e a proclamación do estado de emerxencia en Portugal polo Decreto do presidente da República 14-A/2020, de 18 de marzo de 2020, afectáronlles ás e aos cidadáns de cada beira do río Miño transfronteirizo.

Por outra banda, a anulación temporal da supresión da fronteira, xusto no 25 aniversario do Tratado de Schengen (26 de marzo de 2020), co que a fronteira desaparecera como tal, e a supresión do tráfico en lugares de paso supuxo unha limitación adicional ás que teñen as e os cidadáns que non viven realidades de contacto entre estados da Unión Europea.

Nunha etapa na que se están construíndo organismos compartidos de cooperación (Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial, AECT, ou as eurocidades) e sobre todo na que a vida cotiá das persoas, das familias e das empresas se desenvolve nas dúas beiras do río, as limitacións poden, e de feito teñen, un impacto diferente.

O obxectivo deste informe é realizar unha análise do efecto do que estas medidas están a supoñer para a vida no Miño transfronteirizo. Por unha banda, para as persoas, a título individual ou familiar. Por outra parte, para a economía, as empresas e a dinámica laboral.

En ambos os ámbitos, o das familias e o das empresas, consideramos conveniente deslindar:

- As limitacións compartidas con o resto de los habitantes de ambos os estados.
- As que son propias do fenómeno local de punto de contacto entre estados e, dentro de estas últimas, realizar propostas que, no posible, poidan paliar esa situación.

Dentro dos efectos sobre as persoas, as situacións das e os traballadores transfronteirizos son as máis penalizadas, polo que dedicamos un capítulo específico, o sexto, a estimar o número de persoas afectadas directamente.

En canto aos efectos sobre a economía, a suma dun efecto fronteira sobre os estados de alarma e de emerxencia agrava a situación dos municipios, particularmente a daqueles situados no val do río Miño. Dedicamos outro capítulo específico, o sétimo, a estudar o impacto no valor engadido bruto, por concellos e por sectores económicos.

2 ÁMBITO DO ESTUDO

O ámbito do estudo realizado é o territorio dos 26 concellos que conforman o Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT Rio Minho). O AECT Rio Minho é un organismo de recente creación sustentado na normativa europea[1] e constituído a iniciativa da Deputación Provincial de Pontevedra e da Comunidade Intermunicipal do Alto Minho portuguesa (CIM Alto Minho). O territorio do AECT Rio Minho abarca 3.312 quilómetros cadrados, nos que viven 375.775 persoas residentes.

Pola parte portuguesa, son os dez municipios pertencentes ao distrito de Viana do Castelo: Caminha, Vilanova de Cerveira, Valença, Monção, Melgaço, Arcos de Valdevez, Paredes de Coura, Ponte da Barca, Ponte de Lima e Viana do Castelo.

Pola banda galega son dezaseis municipios da parte sur da provincia de Pontevedra: A Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño, Tui, Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño As Neves, Arbo, Crecente, Ponteareas, Mondariz, Mondariz-Balneario, A Cañiza e Covelo.



Figura 1. Ámbito xeográfico do territorio do AECT Rio Minho

Fonte: Estratexia do Río Minho Transfronteirizo 2030, Fundación CEER

1 Os AECT están dotadas de personalidade xurídica e regulados directamente por o Regulamento (CE) 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo. modificado polo Regulamento (UE) 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro, e pola normativa complementaria de dos estados membros

O territorio conta cunha estratexia conxunta con horizonte no ano 2030 (Estratexia 2030 do Rio Miño Transfronteirizo) desenvolvida coa colaboración científica da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER, que agrupa cinco universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal), que contou coa axuda financeira do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza (POCTEP) 2014-2020 a través do proxecto "Smart Minho".

A Estratexia 2030 foi aprobada en abril de 2019 polo Consello Consultivo, órgano de participación onde están representados os diferentes niveis das administracións de ambos os estados, autoridades locais, rexionais e autonómicas e a sociedade civil do territorio.

Ademais da caracterización xeográfica, o territorio destaca, desde a entrada de ambos os países na Unión Europea (naquel altura CEE, en 1986), por ser un modelo de éxito de integración, en sentido cultural, social e económico. O val do Miño é o epicentro da integración económica do Eixe Atlántico e da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Concentra, dependendo das diferentes formas de medida, entre o 40 % e o 50 % da mobilidade total por estrada entre os estados español e portugués, o que dá idea do alcance da integración, tanto en sentido local como en sentido de paso eurorrexional. Dentro do territorio do AECT, unha parte dos municipios son ribeira física do Miño. No mapa anterior están marcados cunha intensidade de ton maior, en azul e verde.

En este informe, dentro de considerar o conxunto do territorio, as entrevistas e o seguimento foron realizados maioritariamente nos concellos das beiras do río Miño, os concellos do val do Miño, para detectar mellor a influencia do peche das pontes sobre o río e o control de fronteiras.

Por outra banda, no capítulo sétimo as estimacións de impacto económico no VAB realizáronse para os dez municipios do Alto Minho e para nove municipios galegos (os 8 da parte galega do val do Miño e Salceda de Caselas), por considerar que nos restantes o efecto de fronteira sería menos relevante.

3 METODOLOXÍA EMPREGADA

A metodoloxía utilizada foi múltiple:

A primeira fonte de información foi o seguimento en medios de comunicación e redes sociais da situación no mesmo territorio: os xornais, radios e medios dixitais máis seguidos nos municipios das dúas beiras do Miño, xunto cos principais medios de comunicación nos dous países.

A segunda foi o acceso a todas as fontes estatísticas oficiais, singularmente os institutos de estatística de Portugal, España e Galicia, así como datos de mobilidade ou fiscalidade, entre outros.

A terceira é a dispoñibilidade da información de traballos previos realizados no territorio para o AECT Rio Minho e a Deputación de Pontevedra.

A cuarta foi la realización de 48 entrevistas, telefónicas ou por videoconferencia, con representantes políticos e sociais de todos os concellos do Miño en ambos os lados do río. De modo específico:

- Representación política: doce alcaldes, alcaldesas e presidentes de cámaras, dous deputados provinciais.
- Administración: nove representantes de organismos e institucións públicas, incluíndo AECT Rio Minho, CIM Minho e Eurest-T.
- Representación institucional privada: oito representantes de asociacións empresariais: Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME), Confederação Empresarial do Alto Minho (CEVAL), Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), Cámara de Comercio de Tui, Asociación de Cultivos do Baixo Miño (ACUBAM).

• Empresarios, outros axentes sociais e traballadores transfronteirizos: dezasete entrevistas, correspondentes aos seguintes sectores económicos (por orde alfabética):

- Comercio
- Construción
- Cultura
- Educación
- Granito e comercio de pedra
- Limpeza e hixiene
- Metalurxia
- Restauración e hostalería
- Viveiros
- Vitivinícola

A distribución das entrevistas, nos catro conxuntos, é a seguinte:



Figura 2. Distribución das entrevistas realizadas

4 ESTADO DE ALARMA E ESTADO DE EMERXENCIA

4.1. A CRISE SANITARIA

A crise de saúde pública provocada pola COVID-19 levou a unha situación excepcional. A declaración do estado de alarma en España e o estados de emerxencia e de calamidade en Portugal son algunhas das consecuencias más evidentes.

Desde un punto de vista sanitario, o virus impactou no territorio obxecto de estudio, pero fíxoo con moita menor intensidade, polo de agora, do que noutros territorios de ambos os estados. Tan só na denominada "terceira onda" (xaneiro-febreiro de 2021) o impacto está a ser relevante, se o comparamos coas dúas primeiras.

En versións anteriores deste informe foise documentando a escasa incidencia que tiña sobre o territorio, probando, con datos oficiais, que era significativamente menor respecto da media de España e Portugal ou respecto da media de Galicia e do norte de Portugal. A media de Portugal no seu conxunto, e a de Galicia (en contaxiados e falecidos), inferior ás medias de España ou do norte de Portugal, foron similares ou mesmo superiores á media dos municipios do AECT Rio Minho, aínda que a partir da "segunda onda" (outono 2020) os datos se igualaron con estas, de forma desigual entre os municipios.

A chegada da "terceira onda" impactou con forza en todo o territorio obxecto de estudo, con picos altos de incidencia, en particular nalgúns municipios do Alto Minho.

Ofrecemos a continuación algúns datos, aínda que a información dispoñible varía conceptualmente por territorio, así como os niveis de incidencia, que aumentan e descenden con moita variabilidade.

A referencia oficial máis próxima, para a parte galega do territorio, é a información sobre a área sanitaria de Vigo. A área sanitaria de Vigo comprende 27 municipios, entre eles os 16 que forman parte do AECT Rio Minho pola parte galega. O conxunto dos 27 suman un total de 573.959 habitantes.

Na primeira onda da pandemia tivo un máximo rexistrado de 1.026 casos activos (9/4/20). Na segunda, o máximo foi de 2.536 (13/11/20). Na terceira, de 3.951 (29/1/20), para situarse en 1.452 (18/2/21). Os datos están facilitados polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

En canto ao número de novos casos diarios confirmados oficialmente, dispoñemos da información para Galicia. Na primeira onda, o máximo alcanzouse en 584 casos (30/03/20), na segunda en 781 casos (01/11/20) e na terceira en 1.889 (23/01/21).

O mesmo dato, aplicado a todo Portugal, foi de 1.516 na primeira (1/4/20), 7.497 na segunda (4/11/20), e 16.432 na terceira (18/1/21).

Comparamos a información dispoñible para Galicia e Portugal para cada 100.000 habitantes:

Cadro 1. Picos de novos casos diarios por cada 100.000 habitantes

	Galicia	Portugal
Primeira	22	15
Segunda	29	73
Terceira	70	160

Na información por municipios do Alto Minho os datos oficiais dispoñibles indican unha incidencia moi baixa na primeira onda, con aumento na segunda e unha forte incidencia na terceira, coma para o conxunto do país. Na data de 21/2/21 nove dos 10 municipios están situados na banda de máximo risco (máis de 960 casos activos por 100.000 habitantes), e Valença está situada no tramo inmediatamente inferior, con 941 casos por cada 100.000 habitantes.

A inquedanza durante a pandemia, o factor crítico, estivo nas residencias de maiores, igual que no caso galego; a preocupación polas residencias foi motivo de pronunciamento conxunto das e dos alcaldes do Alto Minho.

Un factor importante que debe terse en consideración para o conxunto do AECT é que, dado o número de casos críticos máis reducido que noutros lugares, a infraestrutura sanitaria non colapsou, e o equipamento habilitado para a xestión da crise encaixa as hospitalizacións e a atención a pacientes críticos, tanto na área sanitaria de Vigo coma na do Alto Minho, aínda que na terceira onda a presión sobre o sistema sanitario no norte de Portugal foi moi elevada.

4.2. MARCO XURÍDICO: ESTADO DE ALARMA E ESTADO DE EMERXENCIA

A continuación descríbese a normativa básica que condicionou a xestión da pandemia durante a primeira onda en ambos os países. Posteriormente, dependendo da situación en cada un deles, o réxime de confinamento ou de liberdade de movementos, apertura de comercios... foise modificando de modo recorrente.

As normativas que rexen o confinamento nos dous Estados foron semellantes, pero non idénticas.

Teñen en común a suspensión da actividade lectiva, buscando que as persoas permanezan nas casas, o teletraballo, o peche en xeral do comercio, a restauración e a hostalería, con algúns matices.

Teñen, tamén, algunhas diferenzas, que marcan unha situación más estrita no estado de alarma. O confinamento foi máis ríxido, con limitacións rigorosas para saír das vivendas, comezando a permitirse a saída dos menores de doce anos a partir do 27 de abril. En Portugal permítese saír dar pequenos paseos, e facer deporte a diario, ata dúas persoas, aínda que non en grupo. Tampouco está o exército mobilizado ou despregado nas cidades, aínda que realiza labores de desinfección. Algunha actividade comercial, más limitada en España, coma as tendas de xardinería, están abertas en Portugal. A mobilidade limitouse entre municipios durante cinco días de Semana Santa, e de novo entre o un e o tres de maio.

As excepcións más restritivas, en ambos os estados, déronse en situacións de focos específicos do virus. Igualada en Cataluña, Ovar en Portugal...

Como é evidente, as condicións de confinamento de Portugal son máis lixeiras que en España, posiblemente tamén porque o impacto do virus é moi inferior no primeiro caso do que foi no segundo, singularmente na Comunidade Autónoma de Madrid e en Cataluña.

4.3. A DESESCALADA: FASES EN GALICIA E ESTADO DE CALAMIDADE EN PORTUGAL

O control crecente da situación sanitaria, despois da primeira onda, permitiu relaxar as medidas de confinamento aplicadas nun principio, así como establecer mecanismos para a volta a unha nova normalidade.

No caso español realizouse unha proposta de catro etapas, mantendo o estado de alarma. Nese proceso, o conxunto de Galicia pasou á fase 1 (a segunda), aplicada desde o luns 11 de maio de 2020, entendendo que todo o territorio cumpre os requisitos para avanzar no desconfinamento. O modelo por fases pretendía recuperar a normalidade (condicionada ao virus e ao distanciamento social), dun modo gradual, avaliando os cocientes de novos casos de contaxios, e deixando aberta a posibilidade dunha marcha atrás por motivos de saúde pública.

No caso portugués realizouse unha proposta en tres etapas, substituíndo o estado de emerxencia polo estado de calamidade. Neste, o conxunto de Portugal viu reducidas as restricións á mobilidade. O modelo portugués, coma o español, presenta un enfoque gradualista do retorno á nova normalidade, con posibilidade de restricións en caso de retrocesos desde o punto de vista sanitario.

Na práctica, as etapas do desconfinamento avanzaron con maior rapidez do previsto e permitiron unha elevada mobilidade durante o verán de 2020, condicionada polos aforamentos, o uso de máscaras e outros.

A partir do outono de 2020, o regreso da pandemia, coa segunda onda, levou a novas restricións de mobilidade, con peches perimetrais en ambos os territorios. Estas medidas relaxáronse nas festas de Nadal.

Existe un certo consenso en que a maior mobilidade desas datas, así como a aparición e expansión da variante británica do virus, dispararon os casos activos en ambos os estados, convertendo a terceira onda na de maior incidencia. A aparición das vacinas e a súa aplicación, de forma preferente nas residencias de maiores, está a reducir os casos críticos e a mortalidade con respecto ao número total de casos.

4.4. INICIO DA CRISE ECONÓMICA. CONSECUENCIAS DA COVID- 19 E DO MARCO REGULADOR

As consecuencias conxuntas da COVID -19 no mundo, do marco regulador dos estados de alarma e emerxencia e das decisións do resto de países teñen unas evidentes consecuencias económicas. Dentro da incerteza, no futuro inmediato existe consenso en que estamos ante una crise moi aguda, cun impacto produtivo e financeiro, a curto prazo, maior ao da gran crise que comezou en 2007-2008.

Ademais deste consenso, os principais interrogantes son de dous tipos:

En primeiro lugar, dado que é unha crise sanitaria, as derivadas do propio virus: transmisión, mutacións e capacidade e prazos de produción das vacinas autorizadas.

En segundo lugar, pola natureza atípica da crise económica, as dúbidas sobre cando e como se vai a recuperar a actividade económica, e en particular a demanda.

Existen, ademais, outras moitas dúbidas que lle afectan á posibilidade de recomposición do comercio mundial, aos cambios en hábitos sociais e ás capacidades dos estados e dos bancos centrais para estabilizar a situación a medio prazo.

No relativo ao territorio do AECT Rio Minho, é evidente que, en xeral, o confinamento e a alarma sanitaria lles están afectando a todos os sectores.

Neste apartado tratamos o impacto inmediato que tivo a primeira onda nalgunhas actividades e deixamos para o capítulo 7º unha visión global do impacto na economía do territorio.

Para os efectos do alcance agrupamos o total de actividades económicas en tres conxuntos, dependendo do dano causado entre o comezo da crise (marcamos como data de inicio o día 14 de marzo, o da declaración do estado de alarma en España) e o desconfinamento (maio-xuño de 2020):

4.4.1. Sectores nos que se interrompeu a actividade, coincidindo cos máximos de actividade do sector

Son os sectores afectados pola estacionalidade, nos que a actividade se concentra xusto entre marzo e abril. Para estes sectores, o dano é maior ao correspondente ao peche temporal de actividades.

Os máis afectados, neste sentido, son dous:

Os viveiros de plantas, que teñen na primavera o pico fundamental de actividade. A coincidencia do estado de alarma co comezo da estación impediu ou limitou a saída das plantas, do modo seguinte:

- As destinadas ao mercado español non son posibles, porque no desenvolvemento do estado de alarma os centros de xardinería e as tendas de flores non se consideran actividades esenciais, a diferenza da venda de produtos de cultivo agrario.

- As destinadas ao mercado portugués son posibles (hai centros de xardinería abertos), pero o confinamento da poboación limita as compras a valores moi reducidos, case simbólicos.

- As destinadas a exportación tiveron serias dificultades para a mobilidade dos camións debido ao peche xeral de fronteiras interiores na Unión Europea. A apertura dos centros de xardinería en Alemaña e Holanda está permitindo unha exportación parcial, moi inferior á que se produciría en circunstancias normais.

Dentro do dano manifesto a este sector, existente a ambas as beiras do Miño, un grupo reducido, pero aínda máis prexudicado, é o dos produtores ou comercializadores de flor cortada, dado que, ao ser un ben perecedoiro, boa parte do produto tivo que ser destruído.

O segundo sector especialmente afectado é o da pesca e a restauración vinculada á lamprea. Os restaurantes que teñen una especial actividade estacional por lamprea (xaneiro-abril) víronse obrigados a cerrar no momento de maior actividade do ano.

4.4.2. Sectores nos que se interrompeu a actividade por forza maior

Nesta situación están un gran conxunto de actividades económicas, entre as que destacamos a actividade comercial en xeral, a restauración e a hostalería, isto é, case todas as actividades de servizos. Neste sentido, hai matices compartidos en ambos os países (por exemplo, permítese a comida para levar ou *take away*). Tamén hai algunhas diferencias entre o que cada Estado considera ou non actividade esencial.

Nos sectores nesta situación o impacto inmediato é tamén enorme, e as dúbidas esténdese a medio prazo. A reapertura, posiblemente con capacidades parciais, e a necesidade de normas e aplicación de novos hábitos de desinfección son parte do debate actual.

O turismo, como motor de parte destes sectores, singularmente no territorio do río Miño transfronteirizo, ademais de estar paralizado estará condicionado polo parágrafo anterior e polo restablecemento da confianza, da recuperación do consumo e das facilidades para a mobilidade internacional.

Un dos afectados, neste sentido, é o emerxente Camiño de Santiago nas súas diferentes versións desde Portugal cara a Santiago, que estaba a ter un impacto crecente no territorio.

Outro sector afectado, en termos xerais por forza maior, é o cultural, derivado da non realización de todo tipo de eventos, peche de librerías e escolas...

4.4.3. Sectores nos que a actividade se permite con limitacións, ou que son considerados esenciais

Estamos, neste caso, ante sectores que poden traballar, pero de xeito condicionado. Dentro deste conxunto a casuística é moi diversa, dependendo do sector e do mercado final.

Entre os sectores relevantes na estrutura empresarial do territorio podemos indicar que a industria de automoción está practicamente paralizada, condicionada á súa vez pola paralización na venta de vehículos.

No sector do granito e da pedra ornamental as dificultades á mobilidade comercial e a paralización da actividade nos mercados principais de exportación teñen tamén moi limitada a actividade económica.

O sector da construción civil, permitido con limitacións, estase readaptando ao novo marco regulador e realizando actividades parcialmente.

O conxunto de sectores que foron definidos como esenciais continuaron co exercicio da súa actividades, pero tamén dun modo moi condicionado.

No caso da actividade agraria destacamos a situación do sector vitivinícola, pola súa relevancia económica e de emprego en todo o territorio do AECT. Desde un punto de vista da produción, as dificultades están en manter o tratamento apropiado das vides, manter o emprego e asegurar un prezo mínimo da uva da próxima colleita. Desde un punto de vista da comercialización, o peche dos restaurantes e as expectativas de dificultades na actividade de restauración nos próximos meses xeran un problema moito maior, dado que son o mercado principal de moitas das adegas do territorio. Isto obriga a unha reorientación cara ás superficies comerciais de alimentación, que afectará os prezos, o que non será posible para parte das bodegas.

No caso da actividade pesqueira, a situación é desigual por lugares. En Galicia os mercados municipais están abertos, pero con baixa actividade. No Alto Minho os mercados municipais estiveron pechados ata o fin do estado de emerxencia. Mantense una parte da actividade pesqueira marítima (A Guarda, Vila Praia de Ancora), pero con menos saídas ao mar e menor nivel de actividade e facturación. O peche dos restaurantes reorienta o produto, no posible, cara aos supermercados. En Vila Praia de Ancora os pescadores están autorizados a comprar o peixe nas poxas e venderllo a particulares.

No que respecta á pesca no río Miño, a situación específica da lamprea xa se comentou anteriormente. Detectamos que algúns pescadores do estuario do río cambiaron a pesca de la lamprea pola pesca de especies marítimas, dada a falta de saída da lamprea en plena tempada alta.

Continúa tamén, por ser esencial, a actividade dos comercios de alimentación, das gasolineiras e doutros servizos. Cómpre indicar que, dependendo de cada caso, a propia actividade está limitada, e ás veces moi reducida, por causa do confinamento da poboación.

No caso da alimentación, as grandes áreas comerciais (singularmente en Vilanova de Cerveira, Tui, Valença e Monção) teñen una caída das vendas derivada de que parte da demanda destas áreas é transfronteiriza. Algúns negocios locais teñen agora a demanda que antes se desprazaba a estes centros, por vivir do outro lado do río os compradores, se ben parte dos clientes non proceden do territorio do AECT, senón da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal no seu conxunto.

5 CONTROL DE FRONTEIRAS E PECHE DE PONTES

A suspensión temporal da liberdade de circulación do Tratado de Schengen supón un problema adicional para o territorio do AECT Rio Minho, que parte dunha forte integración persoal e económica e que está considerado un dos grandes modelos de éxito na integración comunitaria e, singularmente, na integración entre os estados español e portugués.

O territorio, no momento da suspensión, conta cun AECT propio, con varias eurocidades e cun forte desenvolvemento da cooperación institucional.

O peche da fronteira produciuse ata o un de xullo de 2020, cunha duración maior que os estados de alarma e emerxencia, e restableceuse coa terceira onda.

Neste apartado descríbese como foi o funcionamento do primeiro peche da fronteira, ata a súa reapertura o 1/7/20.

Os dous estados habilitaron, mentres durou a suspensión, nove pontes para atravesar a fronteira, con control de paso previo. No río Miño transfronteirizo está un dos nove pasos habilitados, concretamente a ponte internacional que comunica as dúas autoestradas, entre Tui e Valença. Posteriormente, ante a presión conxunta dos alcaldes/presidentes de ambos os territorios, xunto ao AECT Rio Minho, reabriron parcialmente, por horas, os pasos de Monção-Salvaterra e Tomiño-Vilanova de Cerveira.

O control de fronteira exérceo funcionariado do Estado ao que se accede. En Tui-Valença, no caso español é a Policía Nacional a responsable do control. No caso portugués é o Serviço de Estrangeiros e Fronteiras (SEF) para as persoas e a Garda Nacional Republicana (GNR) para o control de mercadorías e vehículos.

O réxime de acceso está determinado aos supostos de acordo entre os dous estados: está autorizado o paso de mercadorías. No caso das persoas, o paso está autorizado a traballadoras e traballadores transfronteirizos, agrupamento familiar, transportistas de mercadorías, determinados desprazamentos laborais xustificados e retorno ou ingreso de nacionais ou residentes dos estados de entrada.

A efectos prácticos, verificamos, directamente e por múltiples fontes, que o trato era excelente e que os responsables dos dispositivos do control de fronteira son bos coñecedores da realidade do Miño, que teñen que xestionar e aplicar a lexislación sobre un nivel moi elevado de casuísticas moi dispares.

Os datos varían a diario, pero o acumulado entre o establecemento do control de fronteiras e o día 21 de abril de 2020 daba un total de 207.486 mobilidades entre España e Portugal, das que 92.886 eran nunha única ponte, o do paso do Miño, o que supoñía o 44 % do total. O dato dá idea da relevancia da integración persoal e económica ao longo do Eixe Atlántico, singularmente no territorio do AECT.

Figura 3. Distribución total da mobilidade entre España e Portugal no control de fronteiras no primeiro peche (abril de 2020)



En todas esas mobilidades tan só se denegaron 562 autorizacións para continuar o tránsito, o que supón unicamente seis de cada mil, o 0,6 %.

Os tempos de demora para o paso fronteirizo son baixos. Tan só hai algo de retención durante as primeiras horas da mañá, vinculadas ao maior desprazamento laboral e de mercadorías, con tempos que marcan algunha vez os 10-12 minutos como máximo. O resto do tempo o acceso é inmediato. Producíronse retencións os primeiros días, sobre todo como consecuencia da posta en marcha do mecanismo e do descoñecemento por parte das persoas desprazadas dos requisitos de documentación da súa situación.

5.1. AS CONSECUENCIAS PARA AS PERSOAS

As consecuencias do peche da pontes sobre o Miño, deixando unicamente un paso, teñen o efecto equivalente a partir cidades ou vilas en dúas partes.

En consecuencia, os efectos son exactamente os derivados da comparación anterior: para moitas persoas, as compras de alimentos e outras necesidades básicas, mesmo limitadas polos estados de alarma e emerxencia, pasan a realizarse exclusivamente na parte na que viven.

O peche da actividade económica, en xeral, minimiza neste momento un impacto maior, dado que os múltiples servizos públicos compartidos están pechados.

Este impacto é maior para as persoas con perfil transfronteirizo, xa sexa por cuestión familiar ou por cuestión laboral.

O primeiro caso a tratar é o da residencia. Hai persoas que non teñen formalizada a residencia permanente no lugar no que viven, por despreocupación ou porque a situación é recente. Nestes casos, coma noutros, a acción municipal está a resolver as situacións de modo rápido, facilitándolle o recoñecemento de residencia a quen non o tiña.

Por motivos familiares, a situación conduce a un reagrupamento nunha das dúas beiras. Ás veces, tanto en situacións documentadas (por exemplo, en matrimonios mixtos) coma en situacións sen documentar previamente (por exemplo, parellas informais desde o punto de vista xurídico), créase unha situación de elección, na que unha ou outra parte debe regularizar a residencia no concello no que está.

Un caso complicado é a situación na que una persoa reside nunha parte do río e o seu sistema de saúde está noutra, vinculado ao seu posto de traballo. Os centros de saúde poden estar nunha beira diferente da de residencia. Tamén, aínda que nas farmacias se distribúen medicamentos cos mesmos principios activos, as receitas emítense para o sistema de cada país, cos medicamentos especificados, o que dificulta a súa obtención, posto que é necesario poder cruzar de ida e volta.

Outro caso a documentar, que aínda non ten efectos inmediatos, é a escolarización. Os centros docentes están pechados en ambos os países; agora ben, se abren nun deles, poden ter estudantes da outra beira do río, o que dificultaría o acceso á docencia. Nalgún caso, de estudos superiores, a mobilidade transfronteiriza por estudos é moi elevada.

No que respecta á situación laboral, os estados de alarma e emerxencia están a provocar situacións laborais adversas, singularmente os ERTE na parte galega e os *lay off* na portuguesa, de efectos similares pero non idénticos. Tamén o aumento do desemprego.

Estas situacións laborais xeran dereito á prestación social no país no que se traballa, que pode ser diferente do país de residencia. Os sistemas de seguridade social de ambos os países están dixitalizados e facilitan a tramitación, pero a elevada cantidade de expedientes e as limitacións de algunhas persoas para moverse en aplicacións dixitais dificultan a resolución. Dalgún modo, nos casos transfronteirizos o propio traballador é portador da información.

Debemos indicar, en sentido positivo, o traballo asistencial do Eures-T, que mantén atención telefónica e dixital, ademais de indicar na páxina web como actuar neses casos ante as administracións

de ambos os países. Tamén as relacións persoais tecidas nestes anos entre as diferentes administracións dos dous países, que están a facilitar coa mellor vontade a resolución dos casos máis complexos.

Outra situación documentada que está a crear algunhas dificultades é a mobilidade laboral transfronteiriza, que está autorizada. A dificultade está na supresión de postos de paso, dado que só está operativa unha das cinco pontes sobre o Miño internacional, e tampouco está operativo o transbordador A Guarda-Caminha.

Para una persoa que vive a poucos quilómetros do seu posto de traballo (por exemplo, entre Arbo e Melgaço, ou entre Tomiño e Vilanova de Cerveira), ir traballar agora supón un desprazamento de moitos quilómetros en vehículo propio. Isto, para os salarios máis baixos, implica unha penalización moito maior, e leva en custo unha parte relevante do salario.

5.2. AS CONSECUENCIAS PARA AS EMPRESAS

Desde un punto de vista empresarial, as principais dificultades estanse producindo á hora de documentar ou xustificar determinadas necesidades ou a realización de traballos.

É o caso, por exemplo, da actividade propiamente comercial ou do cobro de facturas, nas que non se desprazan mercadorías. Tamén da asistencia para a realización de contratos de obra, que despraza persoas entre os dous países, pero os traballadores non son transfronteirizos no seu contrato laboral, polo que é necesario documentar moi claramente a necesidade da mobilidade para que se poida xustificar no marco regulador vixente.

Por último, as diferenzas de aplicación (nas datas e nos requisitos específicos) dos estados de alarma e de emerxencia entre os dous estados crean tamén situacións específicas, coma foi a posibilidade ou non da pesca de recreo sobre o mesmo río, posible para uns e non para outros.

O conxunto destas situacións, que prexudican especialmente os municipios que lindan no río Miño, está a ser mitigado pola acción municipal, que continúa coordinada cos homólogos da outra beira. As declaracións institucionais e a operatividade dos organismos (AECT Rio Minho, Eures-T), así como o coñecemento das e dos principais responsables administrativos da realidade do territorio, están permitindo resolver unha parte importante da limitación imposta.

Por último, é relevante indicar que a fronteira, restablecida por causas de saúde pública entre os dous estados, no caso do Miño separa dúas partes dun territorio cunha incidencia baixa da COVID-19. Prevalece a lóxica de Estado.

5.3 ESTIMACIÓN BÁSICA DO CUSTO DE CONTROL DE FRONTEIRAS

A composición do custo de control de fronteiras é múltiple. Entre outros, sinalamos os seguintes:

1. O custo de implementar o control para os estados: Policía Nacional, Garda Nacional Republicana (GNR), Serviço de Estrangeiros e Fronteiras (SEF)...
2. O custo económico do control para as e os traballadores e as empresas, en horas de traballo perdidas na espera.
3. O custo económico dos vehículos para as empresas e as e os autónomo, por combustible e por demoras nos tempos de desprazamento de mercadorías.
4. O custo ambiental dos vehículos en espera, emitindo emisións sobre a ponte internacional e os accesos.
5. Os custos adicionais por desprazamento das persoas ás que lles pecharon as pontes e o transbordador A Guarda-Caminha para acudir aos seus postos de traballo dando a volta por Tui-Valença.

6. Os custos indirectos, motivados pola actividade que se deixa de realizar polas dificultades que provoca ter que pasar o control.

É difícil realizar unha estimación dos custos millonarios que provocaron o peche e o control de fronteiras. Custos que, excepto o primeiro desta lista, repercutiron sobre as persoas sen compensación.

Coa intención de visibilizar a gravidade da decisión tomada realízase un exercicio básico en relación ao segundo destes seis puntos.

Entre os días 17 de marzo e 30 de xuño de 2020 estimouse o paso de 355.408 persoas, tan só a través da ponte internacional Tui-Valença. Os cálculos realizáronse por estimación, a partir de datos de datas intermedias facilitadas polo SEF.

Supoñendo un tempo medio de espera reducido, de 15 minutos de ida e 15 minutos de volta, as horas de traballo perdidas serían 177.704. Esa sería tamén a estimación do tempo que os vehículos estarían a consumir combustible sobre a ponte e os accesos.

6 ESTIMACIÓN DE TRABALLADORES TRANSFRONTEIRIZOS AFECTADOS POLA REDUCIÓN DE PASOS

6.1. DEFINICIÓN DE TRABALLADORES TRANSFRONTEIRIZOS

6.1.1. Introdución

Neste capítulo realízase unha estimación do número de traballadoras e traballadores afectados directamente polo restablecemento da fronteira e a limitación a un único paso, a través da ponte internacional Tui-Valença do Minho.

De acordo coas fontes oficiais, e dependendo de múltiples definicións e aproximacións, consideramos que o valor mínimo de referencia da mobilidade transfronteiriza son os **13.283** traballadoras e traballadores de nacionalidade española ou portuguesa que traballan na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal [1] fóra do seu Estado de orixe a 1 de xaneiro de 2019, isto é, españois en Portugal e portugueses en Galicia. Deles, especificamente, **6.028** son españois traballando no distrito de Viana do Castelo ou portugueses na provincia de Pontevedra [2], a escasa ou nula distancia espacial e temporal do río Miño.

Na práctica, como deixaremos indicado posteriormente, algúns destes traballadores poden non ser transfronteirizos, pero o número dos transfronteirizos non incluídos nesta estatística é moi superior, polo que estes números deben ser tomados como referencias de mínimos. Os traballadores transfron-

1 Galicia e norte de Portugal, unidades territoriais NUT II en clasificación da Unión Europea (UE).

2 Pontevedra e Viana do Castelo, unidades territoriais NUT III en clasificación da UE.

teirizos, en definición ampla, entre Pontevedra e Viana do Castelo, multiplican o número dos recollidos no concepto anterior.



6.1.2. Fontes empregadas

A definición de traballadores transfronteirizos é ambigua e ofrece múltiples interpretacións. Esta é unha das causas polas que non se realizan, normalmente, estimacións expresas do número de traballadores transfronteirizos entre dous territorios. Por iso, neste informe imos ofrecer as principais definicións e indicadores que parten de datos de fontes oficiais, tanto en España coma en Portugal.

Renunciamos a unha estimación máis exhaustiva, que necesitaría de tempo, pero da que temos indicios pola realización de traballos anteriores sobre o territorio do AECT Rio Minho e sobre a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ao longo dos últimos 25 anos.

A principal fonte utilizada son os documentos do Servizo Europeo de Emprego Transfronteirizo Galicia-norte de Portugal (Eures-T). Dentro destes documentos destacamos especialmente un traballo recompilatorio das principais fontes oficiais: *O mercado laboral da Eurorrexión Galicia-norte de Portugal e a mobilidade de traballadores. Informe de indicadores de mobilidade transfronteiriza*. Este informe está coeditado en outubro de 2019, con datos de peche de 2018, polo Eures-T e a Confederación de Empresarios de Galicia.

O informe está realizado a partir de múltiples fontes públicas, singularmente dos Institutos de Estatística de España, Portugal e Galicia, de Ministerios de ambos os Estados e de consellerías do Goberno de Galicia, así como dos organismos xestores da seguridade social en ambos os territorios. Nalgún caso relevante citaremos a fonte en orixe.

A segunda fonte utilizada son as fontes de información sobre mobilidade transfronteiriza, onde destaca o Informe de Mobilidade do Observatorio Transfronteirizo España-Portugal, de edición anual, no que participan o Ministerio de Fomento do Goberno de España e o Ministerio de Economía do Goberno de Portugal. O máis recente é o 9.º informe, de 16/12/2019, con datos de 2017.

Para a situación actual, desde o restablecemento da fronteira, a fonte de información directa é o SEF de Portugal.

6.1.3. Unha aproximación ao concepto de traballadores transfronteirizos

A definición de traballador transfronteirizo non é única, tanto en sentido xenérico coma en sentido xurídico. A máis empregada fai referencia a un traballador que é residente nun país e que acode a traballar a outro; con todo, este mesmo concepto é confuso. Non está claro se un traballador transfronteirizo debe acudir a diario da súa residencia ao seu traballo ou se computan tamén os que acoden a principio de semana, residen no país no que traballan durante uns días, e regresan ao finalizar a semana laboral.

Outras moitas situacións implican traballo transfronteirizo, pero non están sempre incluídas e son moi frecuentes. Vexamos algúns casos:

- Traballadores con residencia e emprego no mesmo país, pero que se desprazan ao país limítrofe para realizar obras ou servizos.

- Traballadores con residencia e emprego no mesmo país, pero con nacionalidade noutro, no que tamén teñen residencia, alternando as pernoctas durante a semana.

- Traballadores con residencia e emprego no mesmo país que cruzan a outro país, a diario ou con frecuencia, para realizar o seu traballo con provedores ou clientela.

- Traballadores de empresas con sede en ambos os países, que alternan o seu traballo entre a empresa matriz e a filial, con independencia do contrato laboral.

- Tripulacións compartidas de barcos pesqueiros con empresas armadoras, portos, bandeiras ou caladoiros situados nun dos dous países ou en terceiros países, na lóxica do dereito marítimo e da bandeira dos barcos por dereitos de pesca.

Estas e outras situacións son moi frecuentes, en particular no territorio do AECT Rio Minho. Por iso, o número de traballadoras e traballadores afectados nunha situación de restablecemento de fronteiras é indeterminado e moito maior do que recolle calquera estatística.

Desde un punto de vista xurídico, o concepto de traballador transfronteirizo é tamén indeterminado. Sen ánimo de exhaustividade, e de acordo co propio Eures-T[1] ,para analizar a aplicación do estado de alarma en España e do estado de emerxencia en Portugal, co restablecemento da fronteira:

"Igual que sucede en España, Portugal acepta a entrada (e a saída) de traballadores transfronteirizos, sen que atopásemos ata o momento cal é a definición de traballador transfronteirizo á que se refire a Resolución do Consello de Ministros 10-B/2020.

Lembramos que tampouco en Portugal existe unha única definición de traballador transfronteirizo, nin no seu ordenamento xurídico interno nin no europeo. Así o estatuto de traballador transfronteirizo resulta de conxugar varias normas:

- No artigo 1.f) do Regulamento (CE) núm. 883/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2004, sobre a coordinación dos sistemas de seguridade social establece como «traballador fronteirizo», unha persoa que exerza unha actividade por conta allea ou por conta propia nun Estado-Membro e que resida noutro Estado-Membro ao cal regresa, normalmente, diariamente ou, polo menos, unha vez por semana;

- No artigo 15.4) do Convenio entre Portugal e España para evitar a dobre tributación en materia de impostos sobre o rendemento establécese que "[...] as remuneracións obtidas dun emprego exercido nun Estado Contratante por un traballador fronteirizo, isto é, que teña a súa residencia habitual no outro Estado Contratante ao cal regresa normalmente todos os dias [...]";

- No artigo 34.2) da Lei 44/2008 de 27 de agosto para a alteración do Código do Imposto sobre vehículos, aprobado pola Lei 22-A/2007, de 29 de xuño, establécese que "[...] poden beneficiarse do réxime de admisión temporal os traballadores transfronteirizos que residan en España co respectivo agregado familiar, en caso de que exista, e se despracen regularmente no traxecto de ida e volta entre a súa residencia e o local de traballo situado en territorio nacional."

Á vista das medidas adoptadas en Portugal en relación ao Deber xeral de recollemento domiciliario

1 Eures-T Galicia-norte de Portugal (abril 2020) *Consecuencias para la movilidad transfronteriza de trabajadores de las medidas adoptadas por los gobiernos de España y Portugal para la gestión de la crisis ocasionada por el covid-19*

establecido no Decreto 2-A/2020, de 20 de marzo, para a execución da declaración do estado de emerxencia efectuada polo Decreto do presidente da República 14-A/2020, de 18 de marzo, non se contemplan os desprazamentos entre as varias residencias que unha persoa poida ter; débese elixir unha residencia e unicamente se permitirá realizar o desprazamento desde o lugar de residencia elixido ao lugar de traballo, sen que se permitan os desprazamentos de fin de semana (ou outro período) a unha segunda residencia. Aínda que non atopamos normativa ao respecto, entendemos que en Portugal non se permitirán os desprazamentos que, ata a data da entrada en vigor do estado de emerxencia, realizaban os traballadores transfronteirizos con residencia en España, que se desprazaban a Portugal para traballar, permanecían en Portugal de luns a venres (ou outros días) e regresaban ao seu domicilio familiar en España durante o fin de semana (ou outro período). Estes traballadores deben elixir unha das dúas residencias (a de España ou a de Portugal) e unicamente se permitirá o desprazamento entre a residencia elixida e o lugar de traballo. Se a residencia elixida é a de España, deberá desprazarse diariamente ao seu traballo en Portugal.

Como se evidencia, pois, a definición do concepto é confusa, mesmo no seu sentido xurídico, e relativamente estrita para a realidade, aínda que nos consta que, na súa aplicación, están a considerarse situacións de clara motivación laboral que respectan o espírito da lei, para permitir o desprazamento, alleas ao lecer ou ao turismo.

6.2. INDICADORES OFICIAIS DE MOBILIDADE LABORAL POR TERRITORIOS

Desde a declaración dos estados de alarma e emerxencia (e posteriormente de calamidade en Portugal) a mobilidade entre España e Portugal está limitada practicamente ao transporte terrestre, e a nove puntos fronteirizos (con algunha ampliación limitada posterior). Tamén está limitada nas súas causas, sendo a máis relevante o transporte de bens e a mobilidade laboral transfronteiriza, ademais do reagrupamento familiar e do retorno de nacionais aos seus países.

Por tanto, é o tráfico económico e laboral o claro determinante da mobilidade entre os dous estados. Sendo así, cabe preguntarse onde se produce esa mobilidade.

O SEF de Portugal, responsable da mobilidade transfronteiriza das persoas, informaba de que, ás 00:00 do día 10 de xuño de 2020, o número de persoas que cruzaran a fronteira entre España e Portugal alcanzou a cifra de 616.471. Desa cantidade, o SEF indica que 259.532, o 42,1 % da mobilidade, se produce nun único punto, a ponte sobre o río Miño entre Tui e Valença, dentro dos trece puntos habilitados, desde o nove puntos iniciais. O día 29 de maio alcanzouse a cifra de medio millón de mobilidades [2].

Este, por suposto, non é un fenómeno puntual, senón previsible para quen coñeza o nivel de integración económico e social do Eixe Atlántico, da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e do epicentro desta eurorrexión no territorio do AECT Rio Minho.

Os datos oficiais e históricos de mobilidade son consecuentes co anterior. Os informes anuais de Mobilidade do Observatorio Transfronteirizo

2 Serviço de Estrangeiros e Fronteiras: https://www.sef.pt/pt/pages/noticia-sef.aspx?nID=793

España-Portugal, realizados coa información facilitada polo Ministerio de Fomento do Goberno de España e polo Ministerio de Economía do Goberno de Portugal, chegan a conclusións semellantes, aínda que neste caso ofrecen información anual, que inclúe a mobilidade por outras causas: compras, lecer, turismo...

Con escasas variacións anuais, o Observatorio ratifica a preeminencia permanente da mobilidade no territorio do AECT Rio Minho no conxunto hispano-portugués. O último informe presentado o pasado mes de decembro cos datos de 2017[3] .

O tráfico medio diario por estrada entre os dous estados foi de 87.604 vehículos por día, tendo en conta os 64 puntos de paso fronteirizo que considera o Observatorio.

No río Miño hai seis puntos de paso. O observatorio mide catro deles, excluíndo a ponte Arbo-Melgaço, do que non se ofrecen datos. O tráfico medio diario das catro pontes é de 34.975 vehículos, isto é, o 40 % do total do tráfico entre ambos os países. Non incluímos os 28.286 vehículos que cruzaron o río Miño a través do transbordador A Guarda-Caminha.

Se comparamos a mobilidade ordinaria anual, que recolle o Observatorio, coa mobilidade limitada do restablecemento de fronteiras, que recolle o SEF, vemos que a porcentaxe no total é maior, indicativo dun maior peso económico, laboral e familiar do río Miño fronte ao factor turismo e lecer do conxunto da mobilidade interestatal.

6.3. NÚMERO DE TRABALLADORES AFECTADOS

Como se indicou previamente, a definición condiciona o número de afectados, así como a dispoñibilidade estatística, que non recolle todas as situacións posibles.

Para facilitar a obxectividade nos números, pasamos a continuación a facilitar datos procedentes de fontes oficiais de ambos os países, sen entrar en valoracións estimativas.

6.3.1. Información por residencia cruzada entre Galicia e o norte de Portugal

A información dispoñible neste apartado responde ao concepto de residencia. Debemos indicar que a súa vinculación coa mobilidade laboral é relativa. É posible ser residente nun país e non traballar, traballar nel ou mesmo traballar no país de procedencia, ou nun terceiro país; con todo, o máis frecuente é que a residencia implique tamén un contrato laboral.

Cadro 2. Residencia cruzada entre Galicia e norte de Portugal

RESIDENCIA	NÚMERO
Residentes portugueses en Galicia	14478
Residentes portugueses na provincia de Pontevedra	5500
Residentes españois no norte de Portugal	2773
Residentes españois no distrito de Viana do Castelo	482
Residentes galegos no norte de Portugal	1592
Residentes de Pontevedra no norte de Portugal	847

Fonte: CEG e Eures-T (2019) a partir de estatísticas oficiais de ambos os países

Como se pode apreciar, de acordo ao concepto de residencia, é moito maior o número de residentes portugueses en Galicia que de residentes españois no norte de Portugal. En todo caso, queremos chamar a atención sobre o número de residentes portugueses na provincia de Pontevedra: 5.500 persoas. Téñase en conta que, de acordo con comentados en páxinas anteriores, estas persoas, vivindo en contacto con Portugal, poderían non ser considerados traballadores transfronteirizos se traballan en España, posto que tamén son residentes.

3 Observatorio Transfronteirizo España-Portugal, 9º informe (decembro 2019) https://www.gee.gov.pt/pt/destaques/29723-observatorio-transfronteirico-espanha-portugal-9-relatorio-dados-2017

6.3.2. Información por contratación e remuneración a cidadáns do outro Estado

Se partimos da información derivada da contratación e das remuneracións por parte de cidadáns de cada Estado no outro, os datos aproxímanse máis a unha realidade laboral.

Cadro 3. Contratos e remuneracións cruzados nacionalidade/emprego entre Galicia e o norte de Portugal

CONCEPTO	NÚMERO
Contratos laborais a cidadáns portugueses en Galicia	9089
Dos que, en Pontevedra	4018
Cidadáns españois que declaran remuneracións no norte de Portugal	4194
Dos que, en Viana do Castelo	2010
Suma de españois e portugueses que traballan na Eurorrexión, fóra do seu Estado de orixe	13283
Suma de españois e portugueses que traballan no territorio Pontevedra-Viana do Castelo, fóra do seu Estado de orixe	6028

Fonte: CEG e Eures-T (2019) a partir de datos proporcionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (Galicia) e polo Ministério da Solidariedade, Emprego e Segurança Social (Portugal)

O cadro anterior, ao noso xuízo, é o que recolle mellor unha aproximación de mínimos ao fenómeno transfronteirizo, posto que computa unha realidade laboral cruzada entre ambos os territorios, aínda que sexa limitativa e non teña en conta outras situacións computables.

Se se ten en conta todo o territorio eurorrexional (NUT II) están computadas 13.283 persoas, e se se computase exclusivamente o territorio provincial e de distrito (NUT III), estariamos ante un mínimo de 6.028 persoas. Agora ben, a distribución da poboación e do emprego en Galicia e Portugal sitúase na costa, ao longo de Eixe Atlántico. Por iso, boa parte da mobilidade das persoas que non están incluídas na NUT III pasa tamén pola fronteira Tui-Valença.

6.3.3. Información por contratación e remuneración a cidadáns residentes nun Estado traballando noutro

Se aplicamos, neste caso, un criterio de separación entre a residencia das persoas e o lugar de emprego, obtemos o cadro 4.

Cadro 4. Contratos e remuneracións cruzados residencia/emprego entre Galicia e norte de Portugal

CONCEPTO	NÚMERO
Contratos laborais a traballadores portugueses (residentes en Portugal) en Galicia	622
Dos que, en Pontevedra	424
Españois residentes en España con remuneracións declaradas no norte de Portugal	2659
Dos que, en Viana do Castelo	1816
Transfronteirizos estritos residencia/emprego na Eurorrexión	3281
Dos que, entre Pontevedra e Viana do Castelo	2240

Fonte: CEG e Eures-T (2019) a partir de estatísticas oficiais de ambos os países

Neste caso, o cruzamento entre residencia e emprego é diferente, como non pode ser doutra forma, do cruzamento anterior entre nacionalidade e emprego. Neste caso exclúense aqueles que residen e traballan formalmente no mesmo país aínda que sexan do outro. Téñase en conta que esta é a situación de moitos traballadores transfronteirizos de fin de semana: residen a maior parte do ano no país no que traballan (días laborables) e regresan (mesmo regresan propiamente aos seus domicilios familiares) na fin de semana.

6.3.4. Información por traballadores desprazados

Consideramos, neste cuarto e último caso, os traballadores que se desprazan coas súas empresas por motivos laborais e que solicitan este recoñecemento a través do impreso A-1 da Seguridade Social.

Como vemos, neste novo concepto están incluídos varios milleiros de traballadores desprazados temporalmente para a realización de actividades. Este caso é moi frecuente na realización de construción civil e de obra en xeral, dentro das cadeas de subcontratación.

Cadro 5. Traballadores desprazados

CONCEPTO	NÚMERO
Traballadores de empresas portuguesas desprazados en Galicia	1489
Dos que, en Pontevedra	335
Traballadores galegos, desprazados a Portugal, que lle solicitan o impreso A-1 á Seguridade Social	6606
Dos que, en Pontevedra	2013
Traballadores do norte de Portugal, desprazados a España, que solicitan o impreso A-1	2564
Dos que, de Viana do Castelo	412

Fonte: CEG e Eures-T (2019) a partir de estatísticas oficiais de ambos os países

6.3.5. Información por categorías non contempladas nos escenarios anteriores

Como se indicou anteriormente neste traballo, existen outras moitas situacións que implican unha lóxica laboral transfronteiriza, cando menos parcial, moito maior canto máis próxima está a realidade persoal e familiar ao punto de contacto, neste caso o río Miño.

Dado que non hai estatísticas oficiais destas situacións, algo que é evidentemente complexo, queremos indicar unicamente que, segundo estimacións propias, no val do Miño, a partir de enquisas realizadas en 2019, o 40 % das empresas declaraban ter algún traballador transfronteirizo (é dicir, un traballador portugués, residise en Galicia ou en Portugal); o 58 % declaraban ter provedores portugueses, e o 60 % das empresas declaraba ter clientes portugueses.

Nestas condicións, por tanto, é obvio que o nivel de integración é moi elevado e, en consecuencia, o impacto do restablecemento da fronteira e a limitación de puntos de cruzamento é moito máis lesivo.

6.4. CONCLUSIÓNS DO CAPÍTULO

A partir das estatísticas oficiais da recompilación do Eures-T, do Observatorio de Mobilidade España--Portugal e do SEF, realizamos unha estimación de mínimos do número de traballadores transfronteirizos.

Aínda sendo o concepto de transfronteirizo confuso, aplicamos diferentes criterios que en calquera caso sitúan nun mínimo de 13.283 traballadoras e traballadores de nacionalidade española ou portuguesa que traballan na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, fóra do seu Estado de orixe, e **6.028** as e os españois traballando no distrito de Viana do Castelo e as e os portugueses na provincia de Pontevedra.

Ao número anterior habería que sumarlle moitos outros casos por cruzamento entre nacionalidade e emprego, residencia e emprego ou desprazamento temporal coas súas empresas, o que lanzaría unha cantidade final moito maior.

Se, ademais, a todo o anterior sumamos outro conxunto de situacións descritas sobre as que non existen estatísticas, multiplícase o número real de situacións laborais transfronteirizas.

A suma dos anteriores, mais os desprazados do cadro 5, sitúan a estimación en 25.734 para a Eurorrexión, e en 10.693 para a área entre a provincia de Pontevedra e o distrito de Viana do Castelo. Como se dixo, son datos aproximativos, posto que parte destes posiblemente residen sen desprazamentos no Estado no que traballan, mentres que outras categorías de traballadoras e traballadores se desprazan sen considerarse transfronteirizos. Iso significa, na nosa opinión, que os datos poderían ser iguais ou menores para a Eurorrexión, pero maiores nas áreas de contacto.

A relevancia do fenómeno concorda cos datos de mobilidade terrestre entre España e Portugal.



Á elevada mobilidade ordinaria, en termos dun 40 % do total entre ambos os Estados, súmase un aumento da porcentaxe nun contexto de restricións sobre a mobilidade por turismo e lecer, achegándose ao 50 % da mobilidade total.

O impedimento á libre circulación está a causar un dano á economía e á vida diaria de moitos milleiros de familias.

A limitación a unha única ponte sobre o Miño obriga a metade dos desprazamentos entre os dous países a transitar por un único punto, provocando colas cada vez maiores a medida que se recupera a actividade económica, e gastos en tempo, en diñeiro e en custos ambientais por desprazamentos.

7 ANÁLISE DO REXISTRO DE AFECTADOS POLO PECHE DA FRONTEIRA ENTRE GALICIA E PORTUGAL DURANTE AS RESTRICCIÓNS IMPOSTAS POLA COVID-19 EN 2021

7.1. INTRODUCIÓN

O restablecemento da fronteira entre os dous estados ibéricos, acordado de novo a partir do 31 de xaneiro de 2021, supuxo un retroceso, a todos os efectos, para o territorio do río Miño transfronteirizo, singularmente nas limitacións sociais e económicas.

Dentro do dano causado por unha decisión política, un dos conxuntos máis prexudicados é o das e dos traballadores transfronteirizos. Persoas que, con independencia da súa nacionalidade, residen nun país e traballan noutro.

Neste traballo analízanse as respostas das persoas que, voluntariamente, quixeron comunicar a súa situación como prexudicadas polo peche da fronteira, ofrecendo información persoal e o dano padecido por a decisión.

Entendemos que as respostas a este rexistro voluntario, facilitado polo AECT Rio Minho, pode ser unha mostra representativa da situación pola que están a pasar as e os traballadores transfronteirizos no territorio.

7.2. ANÁLISE DAS E DOS TRABALLADORES TRANSFRONTEIRIZOS CRUZANDO O RÍO MIÑO: CONCEPTO E NÚMERO

O concepto de traballador transfronteirizo é complexo e transcende ao das persoas que declaran a residencia nun país e teñen o posto de traballo no outro.

Como se comentaba no capítulo anterior:

"A definición de traballador transfronteirizo non é única, tanto en sentido xenérico coma en sentido xurídico. A máis empregada fai referencia a un traballador que é residente nun país e que acode a traballar a outro; con todo, este mesmo concepto é confuso. Non está claro se un transfronteirizo debe acudir a diario da súa residencia ao seu traballo, ou se computan tamén os que acoden a principio de semana, residen no país no que traballan durante uns días e regresan ao finalizar a semana laboral.

Outras moitas situacións implican traballo transfronteirizo, pero non están sempre incluídas, e son moi frecuentes. Vexamos algúns casos:

- Traballadores con residencia e emprego no mesmo país, pero que se desprazan ao país limítrofe para realizares obras ou servizos.
- Traballadores con residencia e emprego no mesmo país, pero con nacionalidade noutro, no que tamén teñen residencia, alternando pernoctas durante a semana.
- Traballadores con residencia e emprego no mesmo país que cruzan a outro país, a diario ou con frecuencia para realizar o seu traballo con provedores ou clientes.
- Traballadores de empresas con sede en ambos os países que alternan o seu traballo entre a empresa matriz e a filial, con independencia do contrato laboral.
- Tripulacións compartidas de barcos pesqueiros, con empresas armadoras, portos, bandeiras ou caladoiros situados nun dos dous países ou en terceiros países, na lóxica do dereito marítimo e da bandeira dos barcos por dereitos de pesca.

Estas e outras situacións son moi frecuentes, en particular no territorio do AECT Rio Minho. Por iso, o número de traballadores afectados, nunha situación de restablecemento de fronteiras, afecta a un número indeterminado e moito maior do que recolle calquera estatística."

O concepto de traballador transfronteirizo é, pois, complexo, dependente da definición, pero abarca nos territorios de contacto entre países un número elevado de persoas en situacións diversas, que comparten dous países na lóxica vital e laboral.

En calquera caso, resulta claro que o restablecemento da fronteira supón unha limitación ou un dano para aquelas persoas que deben trasladarse por ela para realizar a súa vida de modo diario ou cotián.

7.3. ANÁLISE DO REXISTRO DE PERSOAS AFECTADAS

A decisión do AECT Rio Minho de habilitar unha páxina na súa web, na que era posible documentar a situación na que as os traballadores se vían prexudicados polo restablecemento da fronteira abriu a posibilidade de ter acceso a información directa e sistemática do modo no que as persoas se ven afectadas pola situación.

O feito de que a alta implique a entrega de datos persoais permite a verificación do total dos casos presentados ante o AECT.

Es importante indicar que só se lles solicitou a alta e a entrega de información a aquelas persoas que, especificamente, poderían considerarse transfronteirizas desde un punto de vista legal. Isto quere dicir que teñen que poder acreditar a residencia nun país e o traballo no outro, con alta civil de residencia e con alta laboral de emprego.

Durante os primeiros días de oportunidade de rexistro (desde o día 2 ata o día 18 de marzo de 2021) o número de persoas que se deron de alta na web era de 170.

A información permite identificar características do perfil das persoas prexudicadas. A continuación, presentamos a clasificación segundo os datos recibidos.

7.3.1. Orixe por nacionalidade

De acordo coa información recibida, obsérvase que 3 de cada 4 persoas afectadas, concretamente o 76,47 % da mostra, son de orixe galega, mentres que as persoas afectadas de orixe portuguesa representan un 22,94 %.

O dato é significativo, aínda que só se traballa cunha mostra do conxunto das persoas transfronteirizas. A diferenza salarial entre territorios fai que, en termos de Eurorrexión, a mobilidade sexa maior do sur cara ao norte do Miño que á inversa. Agora ben, no territorio do val do Minho a mobilidade que reclama danos polo peche é, na maior parte, procedente de Galicia para traballar en Portugal.

Figura 4. Afectados por orixe



7.3.2. Orixe por sector económico

No que respecta ás e os traballadores que deben cruzar a fronteira, clasificados por sector a efectos de emprego, na figura 5 preséntase a repartición sectorial das persoas rexistradas. Pódese apreciar como o sector industrial é o que ocupa un maior número de persoas. En menor medida, as persoas ocupadas do sector servizos, no comercio e, finalmente, na Administración e nos servizos públicos.



Figura 5. Persoas afectadas por sectores produtivos

7.3.3. Prexuízo declarado

En consideración ao prexuízo provocado, e dentro da lista de causas alegadas, o máis comunicado é o grave aumento de distancia e tempo no percorrido entre a residencia das e os afectados ao seu traballo e viceversa. O peche da ponte internacional, que obriga a desviar o rumbo e esperar para cruzar os controis, fan deste factor o máis destacable no prexuízo ás e aos traballadores transfronteirizos.

En segundo lugar, o 25,29 % dos afectados acusa un incremento notable no custo dos seus desprazamentos, algo compatible coa primeira das causas presentadas.

En terceiro lugar, un 12,94 % das persoas comunican que a situación lles impediu, de facto, poder cruzar a fronteira para desprazarse ao seu posto de traballo.

Por último, o 1,76 % da mostra alegou un prexuízo puramente económico, derivado da diminución do número de clientes procedentes da outra marxe. Este caso é moi común, aínda que non o é nesta lista, dado que o prexuízo para moitos negocios de ambas as dúas beiras do Miño depende dos clientes dos dous países. Neste caso, a mobilidade que condiciona a actividade económica non é a do traballador, senón a da clientela.



Figura 6. Prexuízos orixinados

7.3.4. Orixe e destino das e dos traballadores

No que se refire á orixe, por residencia, dos traballadores rexistrados, a figura 7 recolle os concellos de residencia. Cando a información non foi concretada, a nivel de concello ou de parroquia/freguesía integrable nos concellos, empregáronse os xenéricos Galicia e Portugal para situar a residencia.

Os principais concellos de orixe afectados son, pola parte galega, os de Tomiño, A Guarda, O Rosal e A Guarda, seguidos a distancia por Salvaterra de Miño e Tui. Os máis afectados son os traballadores dos concellos aos que o peche do transbordador A Guarda-Caminha e da ponte Tomiño-Vila Nova de Cerveira lles impide cruzar dunha beira á outra e se ven obrigados a viaxar a Tui-Valença para poder asistir aos seus postos de traballo.



Figura 7. Orixe das persoas afectadas

Pola parte portuguesa é Monção, seguido doutros concellos da parte portuguesa do val do Miño, o máis afectado. A pesar de que a ponte de Monção-Salvaterra está aberta con horario parcial, parece que os horarios de apertura non resolven as necesidades de parte das e dos traballadores.



Figura 8. Destino das persoas afectadas

Como se pode apreciar, un destino laboral aparece como o máis relevante con diferenza: Vila Nova de Cerveira. Preto do 50 % do total das persoas rexistradas traballan neste concello. A continuación está Valença, a máis distancia. Despois, Monção, Salvatera e A Guarda.

Dado que isto coincide, como vimos na figura 3, cunha maior parte de casos con empregos na industria, parece bastante claro que estamos ante unha mobilidade laboral do Baixo Miño aos parques empresariais de Vila Nova de Cerveira e Valença, como Cerdal, Campos ou Gándara, con empresas de actividade industrial, parte delas presentes, por instalación ou propiedade, tamén en Galicia.

Agora ben, ¿como confirmar a relación entre orixes e destinos, de modo específico? Con este fin preséntase a figura 9, na que se establece a relación e repartición entre os concellos de orixe e os de destino laboral para cada concello.

O eixe de abscisas recolle os concellos de residencia, e cada unha das barras da gráfica representa a distribución sobre o 100 % dos procedentes de cada concello nos concellos de posto de traballo.

A figura permite confirmar o anticipado: a mobilidade máis danada, ou polo menos a que se rexistra en maior número, é a de persoas que traballan en Vila Nova de Cerveira, procedentes, sobre todo, dos concellos do Baixo Miño, ás que se lles impide cruzar a ponte entre Tomiño e Vila Nova de Cerveira.

Outra forma de visibilizar a relación entre concellos de orixe (residencia) e destino (traballo), preséntase na figura 10. Neste caso, as áreas teñen un tamaño proporcional ao número de mobilidades. O concello de orixe está situado na parte superior de cada área e os concellos de destino dos seus residentes están situados na parte inferior de cada área. Deste xeito, confírmase tamén o indicado anteriormente sobre os vínculos de orixe e destino.



Figura 9. Orixe das persoas afectadas

7.3.5. Xénero das persoas afectadas na mobilidade laboral

Finalmente, o gráfico circular da figura 8 mostra a división por xénero das persoas afectadas, un 62 % de mulleres e un 37 % de homes.



Figura 10. Orixe das persoas afectadas

7.4. CONCLUSIÓNS DO CAPÍTULO

A introdución temporal dos controis fronteirizos puido contribuír de forma apreciable a conter a propagación da COVID-19, pero tamén foi, certamente, custoso. É probable que unha mellor coordinación das políticas a nivel europeo puidesen xerar estes beneficios con menores custos económicos e sociais, por exemplo cun seguimento máis avanzado dos fluxos de desprazamentos transfronteirizos.

8 ESTIMACIÓN DA CAÍDA DO VALOR ENGADIDO BRUTO COMO CONSECUENCIA DO CONFINAMENTO E DO RESTABLECEMENTO DA FRONTEIRA

8.1. INTRODUCIÓN E FONTES EMPREGADAS

A restauración temporal da fronteira no río Miño durante parte de 2020 provocou un efecto negativo na economía do territorio, que se engade ao dano xa causado polo confinamento nos dous países.

Este traballo ten como obxecto ofrecer unha primeira medida da caída da actividade económica motivada polas dúas causas citadas: o confinamento e a restrición á mobilidade na fronteira. Para iso, calculamos a perda do produto interior bruto nos concellos do val do Miño galego (9) e portugués (5). Centramos os cálculos para este informe nos municipios nos que se estima un maior dano por estar a súa fronteira sobre o río Miño, aínda que se dispón de estimacións para o conxunto do territorio do AECT.

O informe baséase fundamentalmente en información pública oficial. En particular, na información ofrecida polo Instituto Nacional de Estatística en España, polo Instituto Nacional de Estatística de Portugal e polo Instituto Galego de Estatística.

Ademais destas fontes, para a estimación empregouse información facilitada pola Axencia Española de Administración Tributaria sobre a facturación trimestral para as grandes empresas.

Outras fontes relevantes foron as bases de datos empresariais, para realizar axustes por actividades económicas dentro de cada concello, así como traballos e documentos facilitados pola área de cooperación transfronteiriza da Deputación de Pontevedra. Destacamos, en particular, o traballo *Efecto transfronteirizo sobre a estrutura económica dos concellos do río Miño* (2018).

Unha característica deste informe, para o efectos das fontes, estriba nas diferenzas entre o tratamento estatístico das variables económicas en cada unha delas. Sendo todas as variables as mesmas, conceptualmente, cada fonte centra as súas análises en variables diferentes. Nunha comparación entre a información ofrecida polos institutos oficiais de estatística, seleccionamos o produto interior bruto como variable da que era posible, con máis rigor, estimar o seu importe (e a súa perda durante 2020) para os concellos de ambos os países.

8.2. METODOLOXÍA

As incertezas asociadas á evolución da economía nestes momentos fan difícil asumir un criterio único, que sirva para estimar os cambios sufridos como consecuencia da COVID-19 na economía transfronteiriza. Non existen tampouco estimacións exactas do devandito impacto, medidas a través dos indicadores tradicionais, polo que se recorreu a unha estimación indirecta.

O proceso seguido asume unha serie de hipóteses básicas de comportamentos, e a partir delas fóronse elaborando os diferentes indicadores e valores estimados.

O punto de partida é a estimación do produto interior bruto (PIB) xerado en cada municipio e en cada actividade económica ata o ano 2019.

Esta estimación parte de fontes diferentes para Galicia e Portugal, polo que os axustes se realizaron de acordo ás fontes.

Partiuse preferentemente da información do INE de Portugal e do IGE de Galicia, obtendo os resultados máis próximos en área xeográfica, sectores de actividade e anos, con respecto aos que se queren obter.

A partir da información obtida axustáronse as series por estimación para cada sector e municipio do territorio.

Unha vez estimado o PIB avalíase o impacto que a aparición da COVID-19 tivo na economía do Miño transfronteirizo. Para iso dividiuse o devandito impacto nos dous efectos complementarios indicados na introdución deste estudo:

En primeiro lugar, calcúlase o efecto provocado polo estado de alarma e polo estado de emerxencia nos dous países, que provocou o confinamento da poboación do Miño en condicións diferentes, pero ambas as dúas restritivas, afectando a actividade económica.

Por outra banda, estímase o efecto producido como consecuencia do peche parcial da fronteira vinte e cinco anos despois da súa desaparición.

O primeiro efecto, para o seu cálculo, presuponse que é similar ao sucedido no conxunto das economías española e portuguesa. Por conseguinte, estímase a partir das fontes públicas mencionadas no apartado anterior.

Para o cálculo do segundo efecto combinouse a información sobre a estrutura empresarial por municipios coa realización dunha enquisa selectiva, respondida por 50 empresarios, políticos e axentes sociais dos diferentes municipios da área, sobre o impacto en todos os sectores económicos dos seus municipios, distribuídos a partes iguais sobre ambas as beiras do río.

Consecuentemente, dividiuse o impacto final en dous compoñentes: un que é consecuencia do efecto común a toda a economía e outro especifico da fronteira.

De acordo co modelo descrito, aplícanselles as taxas de crecemento estimadas no apartado anterior aos valores do PIB e obtense o impacto especifico que tivo a COVID-19, desagregado segundo sexa común a toda a economía ou específico por ser unha área fronteiriza.



O vicedirector do AECT Rio Minho Uxío Benítez e as alcaldesas e os alcaldes dos concellos transfronteirizos galegos e portugueses participando nun acto de protesta conxunto polo peche das fronteiras.

8.3. ESTIMACIÓN AGREGADA DO IMPACTO DA COVID -19 NOS MUNICIPIOS DO MIÑO

Como resumo da análise preséntase unha estimación en conxunto do territorio.

No cadro 6 preséntase a estrutura do PIB sobre o territorio.

Cadro 6. Estrutura sectorial estimada do PIB sobre o territorio

Sector	PIB	Parte galega	Parte portuguesa	Total	Parte galega	Parte portuguesa	Total
Agricultura e pesca	A	9,57 %	3,02 %	6,63 %	106.509.475 €	27.431.116 €	133.940.590 €
Industrias extractivas	B	1,52 %	1,09 %	1,33 %	16.882.768 €	9.882.582 €	26.765.350 €
Industria manufactureira	C	17,50 %	38,42 %	26,90 %	194.788.155 €	348.464.452 €	543.252.607 €
Enerxía	D	0,80 %	3,49 %	2,01 %	8.914.147 €	31.612.999 €	40.527.146 €
Construción	F	10,17 %	7,13 %	8,80 %	113.169.698 €	64.662.130 €	177.831.828 €
Comercio	G	24,14 %	19,87 %	22,23 %	268.703.992 €	180.226.082 €	448.930.074 €
Transporte	H	13,43 %	5,06 %	9,67 %	149.425.890 €	45.860.782 €	195.286.672 €
Hostalería	I	4,36 %	7,66 %	5,84 %	48.561.566 €	69.496.256 €	118.057.822 €
Comunicacións	J	2,97 %	0,75 %	1,97 %	33.082.309 €	6.762.437 €	39.844.747 €
Finanzas	K	0,95 %	0,95 %	0,95 %	10.592.051 €	8.631.070 €	19.223.121 €
Inmobiliaria	L	1,56 %	1,26 %	1,43 %	17.384.669 €	11.401.917 €	28.786.586 €
Profesionais	M	3,23 %	3,12 %	3,18 %	35.934.151 €	28.332.507 €	64.266.657 €
Administrativas	N	2,87 %	2,48 %	2,69 %	31.888.968 €	22.488.011 €	54.376.979 €
Educación	P	1,07 %	0,57 %	0,85 %	11.939.068 €	5.170.110 €	17.109.179 €
Sanidade	Q	1,56 %	3,34 %	2,36 %	17.357.970 €	30.247.839 €	47.605.810 €
Artistas	R	1,27 %	0,44 %	0,90 %	14.083.888 €	4.014.398 €	18.098.286 €
Outros	S	3,03 %	1,35 %	2,28 %	33.736.204 €	12.221.116 €	45.957.320 €
		100 %	100 %	100 %	1.112.954.968 €	906.905.805 €	2.019.860.773 €

As columnas indican os valores para os concellos do val do Miño galego (9 concellos de Galicia), os do val do Miño portugués e o total dos 14.

As columnas con valores porcentuais reflicten o peso de cada sector no territorio con respecto ao total da actividade económica.

As columnas con valores absolutos indican o importe total estimado do PIB de cada sector en cada área do territorio.

O cadro 7 mostra o impacto estimado sobre o PIB das dúas causas: o efecto do confinamento, coma noutros territorios, e o efecto adicional do peche e control de fronteiras

Cadro 7. Impacto estimado sobre o PIB polas dúas causas

	Confinamento	Efecto fronteira	Caída do PIB
Parte galega	46.476.999	1.971.334 €	48.448.333 €
Parte portuguesa	29.383.748 €	2.882.034 €	32.265.782 €
Total	75.860.747 €	4.840.568 €	80.714.116 €

Como se pode apreciar, o principal impacto provócao, como non podería ser doutra forma, o confinamento. A falta de mobilidade non é só interestatal, senón tamén local, polo que este é o principal efecto.

O que fai diferente a situación no Miño transfronteirizo é que se provoca un efecto adicional que amplifica os danos.

Agora ben, é de interese determinar se ese efecto adicional se produciu no conxunto da actividade, repartido, ou se está concentrado nunhas poucas actividades. A análise realizada confirma que estamos ante o segundo caso. Dado que o peche da fronteira foi parcial, permitindo a circulación de bens, non danou de modo grave a maior parte das cadeas de valor compartidas na Eurorrexión ou na área do Miño transfronteirizo. Como se comentou nun apartado anterior, prexudicou a actividade e elevou os custos, pero as mercadorías seguiron circulando.

O principal dano directo, pola contra, produciuse na prestación de servizos dependentes da mobilidade do consumidor final e con peso relevante na área do Miño. É o caso do comercio e da hostalería.

O desconfinamento gradual, que se foi dando entre maio e xuño de 2020, coincidiu cun mantemento do control de fronteiras. É nese momento cando o impacto da fronteira aumentaba mentres o do confinamento se reducía en ambos os países.

Os cadros 8, 9 e 10 recollen o impacto estimado sobre o PIB para cada sector económico, nas dúas partes do val do Miño e en conxunto.

Cadro 8. Impacto estimado sectorial sobre o PIB, val do Miño galego

Val do Miño galego			
Sectores económicos	Primeiro semestre de 2020		
	Confinamento	Fronteira	Total
Agricultura	359.986 €	- €	359.986 €
Industrias extractivas	563.204 €	- €	563.204 €
Industria manufactureira	8.525.102 €	- €	8.525.102 €
Enerxía	282.013 €	- €	282.013 €
Construción	3.622.179 €	- €	3.622.179 €
Comercio	15.868.022 €	1.428.122 €	17.296.144 €
Transporte	9.521.796 €	- €	9.521.796 €
Hostalería	4.178.553 €	543.212 €	4.721.765 €
Comunicacións	653.442 €	- €	653.442 €
Finanzas	62.835 €	- €	62.835 €
Inmobiliaria	233.878 €	- €	233.878 €
Profesionais	1.480.655 €	- €	1.480.655 €
Administrativas	1.245.528 €	- €	1.245.528 €
Educación	86.904 €	- €	86.904 €
Sanidade	87.120 €	- €	87.120 €
Artistas	351.490 €	- €	351.490 €
Outros	199.936 €	- €	199.936 €
Total	46.476.999 €	1.971.334 €	48.448.333 €

Cadro 9. Impacto estimado sectorial sobre o PIB, val do Miño portugués

Val do Miño portugués			
Sectores económicos	Primeiro semestre de 2020		
	Confinamento	Fronteira	Total
Agricultura	58.332 €	- €	58.332 €
Industrias extractivas	257.963 €	- €	257.963 €
Industria manufactureira	10.933.204 €	- €	10.933.204 €
Enerxía	762.647 €	- €	762.647 €
Construción	1.440.522 €	- €	1.440.522 €
Comercio	7.604.043 €	1.901.011 €	9.505.054 €
Transporte	2.215.511 €	105.583 €	2.321.094 €
Hostalería	4.251.806 €	850.361 €	5.102.167 €
Comunicacións	111.132 €	- €	111.132 €
Finanzas	51.202 €	- €	51.202 €
Inmobiliaria	113.690 €	25.079 €	138.769 €
Profesionais	854.838 €	- €	854.838 €
Administrativas	647.101 €	- €	647.101 €
Educación	24.510 €	- €	24.510 €
Sanidade	94.133 €	- €	94.133 €
Artistas	78.030 €	- €	78.030 €
Outros	104.153 €	- €	104.153 €
Total	29.383.748 €	2.882.034 €	32.265.782 €

Como se ve nos cadros, o dano provocado polo efecto fronteira prodúcese, fundamentalmente, no comercio e na hostalería e restauración. Isto sucede en ambas as partes do territorio.

En particular dentro do comercio os efectos son máis acusados do que aparenta o conxunto. É dicir, hai ramas comerciais que se viron moi prexudicadas porque unha parte moi elevada dos seus clientes proceden do outro lado do río Miño. Pensemos, por exemplo, nos comercios de Valença ou nas gasolineiras da marxe galega do río. Pero parte dese efecto anúlase, no conxunto, porque outras actividades aumentaron puntualmente, derivadas do impedimento de poder realizar as compras na outra parte.

Tamén se aprecia, na marxe portuguesa do Miño, unha caída lixeira na actividade inmobiliaria e no transporte.

Cadro 10. Impacto estimado sectorial sobre o PIB, total dos 14 concellos

Val do Miño			
Sectores económicos	Primeiro semestre de 2020		
	Confinamento	Fronteira	Total
Agricultura	418.318 €	- €	418.318 €
Industrias extractivas	821.167 €	- €	821.167 €
Industria manufactureira	19.458.305 €	- €	19.458.305 €
Enerxía	1.044.660 €	- €	1.044.660 €
Construción	5.062.701 €	- €	5.062.701 €
Comercio	23.472.065 €	3.329.133 €	26.801.198 €
Transporte	11.737.307 €	105.583 €	11.842.890 €
Hostalería	8.430.359 €	1.393.573 €	9.823.932 €
Comunicacións	764.574 €	- €	764.574 €
Finanzas	114.036 €	- €	114.036 €
Inmobiliaria	347.568 €	25.079 €	372.647 €
Profesionais	2.335.493 €	- €	2.335.493 €
Administrativas	1.892.629 €	- €	1.892.629 €
Educación	111.413 €	- €	111.413 €
Sanidade	181.253 €	- €	181.253 €
Artistas	429.520 €	- €	429.520 €
Outros	304.088 €	- €	304.088 €
Total	75.860.748 €	4.853.368 €	80.714.116 €

Para o total do territorio a caída derivada do efecto fronteira no comercio foi dun 14,18 % sobre o efecto do confinamento, e na hostalería e restauración foi dun 16,53 %.

8.4. CONCLUSIÓNS DO CAPÍTULO

O carácter fronteirizo do territorio obxecto deste traballo acusa un maior impacto da COVID-19, motivado pola restrición adicional de peche da fronteira. Sobre o impacto que os estados de alarma e de emerxencia causaron nos territorios, o peche da fronteira agravou a situación, xerando un dano maior.

Ese dano produciuse, especialmente, ao restablecer a mobilidade durante o mes de xuño, cando non se producía confinamento pero si restrición para o paso da fronteira.

Os confinamentos tiveron un maior impacto económico nos municipios con maior actividade económica; con todo, o impacto polo peche de fronteira foi maior naqueles máis vinculados ao comercio de fronteira, cun forte compoñente comercial e de hostalería e restauración, principais sectores afectados polo peche. Este efecto de fronteira afectoulles, sobre todo, aos municipios sobre o Miño cunha maior mobilidade e recepción de veciñanza do outro lado do río.

No seu conxunto, o efecto do peche da fronteira provocou un impacto algo maior na parte portuguesa do Miño. Entendemos que é resultado do efecto metropolitano de Vigo sobre a área do río Miño. O peche da fronteira impediu a mobilidade por compras, lecer ou restauración da poboación da área de Vigo, o que impactou nas vendas destes sectores ao sur do río.

O carácter central da actividade comercial en Tui e Valença provocou que estes municipios e os limítrofes a ambos os do río sexan os máis afectados polo restablecemento da fronteira.

CONCLUSIÓNS E POSIBLES MEDIDAS PARA IMPLEMENTAR

As principais conclusións e as posibles medidas para propor poderían ser as seguintes:

1. Resulta evidente que o nivel de integración é moito máis elevado neste territorio, tanto no agregado do Eixe Atlántico galego-portugués coma na área específica do AECT Rio Minho, epicentro da integración. A ponte da autoestrada con control de fronteiras entre Tui e Valença resolve o esencial do tráfico de mercadorías do Eixe Atlántico; con todo, para o movemento de persoas dentro do AECT Rio Minho é unha limitación evidente. No segundo peche da fronteira (2021) a habilitación parcial de catro horas no paso de Monção-Salvaterra é manifestamente insuficiente, e recáese nos mesmos erros que no primeiro peche. Consideramos que sería necesario habilitar novas pontes, polo menos para o paso das persoas transfronteirizas, para non continuar prexudicando en tempo e diñeiro a súa mobilidade, que se produce igual pero penalizada.

2. A creación das Eurocidades supuxo un recoñecemento formal á integración bilateral destas localidades. O restablecemento temporal da fronteira ten o efecto de partir en dous esa situación, na que as persoas residentes realizan a súa vida repartida entre ambas as partes da realidade compartida. Consideramos, particularmente se o control de fronteiras se prolonga, que se valore a posibilidade de facilitarlles o paso ás e aos residentes nos municipios do AECT Rio Minho nos mesmos termos de réxime xurídico e control da saúde pública que teñen no outro Estado, de acordo co espírito do XXXI Cume Ibérico, coa proposta dunha tarxeta cidadá transfronteiriza.

3. Desde un punto de vista sanitario, o restablecemento da fronteira terrestre ibérica non ten efectos relevantes sobre a saúde, posto que o virus está estendido en ambos os países, polo que ningún dos dous estados impide ou limita a entrada do virus. As persoas con dereito a pasar pasan igual, pero penalizadas en tempo e diñeiro. Os peches perimetrais son instrumentos suficientes para acoutar a expansión do virus nos municipios máis afectados en ambos os países, sen necesidade de pechar a fronteira.

4. Desde un punto de vista económico, o restablecemento da fronteira agrava o impacto sobre o territorio, que xa é crítico para boa parte do comercio e da restauración, que nalgúns municipios é moi dependente da prestación ás persoas procedentes da outra beira do río. Esta situación é similar á dos diferentes casos de éxito entre límites de estados da UE, nos que a integración é alta e o prexuízo potencialmente moi elevado. Unha finalización gradual do confinamento, pero mantendo a fronteira, impediría a recuperación destes sectores, posto que os priva dunha parte da súa clientela, ás veces a súa maior parte.

En consecuencia, sería desexable, desde o punto de vista económico, o restablecemento da libre circulación entre países cando acaben as restricións en cada un deles, condicionada ás mesmas limitacións que se apliquen en cada país.

5. Desde un punto de vista sectorial, a maioría das actividades económicas están afectados pola situación. A maior parte dos sectores víronse prexudicados, pero detéctase un efecto de fronteira elevado principalmente no comercio, seguido da hostalería e restauración, agravando o

impacto dos confinamentos e as restricións en ambos os estados.

6. As cadeas de valor integradas entre ambas as beiras do Miño están a demostrar tamén a capacidade de adaptación, do mesmo xeito que as empresas presentes en ambos os países. O paso de mercadorías é fluído, e as relacións cruzadas entre provedores e clientes non se ven danadas polo efecto fronteirizo. Para limitar os efectos negativos consideramos que se poden facilitar, no posible, os desprazamentos laborais que non implican traslado de bens, como traballos de asistencia técnica, natureza comercial ou xestións de cobramento.

7. As dificultades laborais e o acceso ás prestacións compensatorias (ERTE, *lay off*), están a poñer a proba os sistemas de protección social. No caso das e dos traballadores transfronteirizos, o sistema funciona, pero supón algunha dificultade de tramitación adicional. Sería positiva a creación dalgún sistema informático de comunicacións entre as administracións de ambos os países que facilite de modo ordinario estas tramitacións.

8. A quebra da actividade produtiva e comercializadora do sector primario, e singularmente da pesca de lamprea e da pesca marítima, poden ser unha oportunidade, dentro do problema, para aplicar políticas de conservación e rexeneración dos recursos, que poden ter efectos favorables na natureza e na xestión do recurso natural no futuro. Neste sentido, é importante pactar entre estados unha dinámica única, simétrica, de conservación e de explotación en termos de xustiza e de eficacia das políticas sobre un río e uns recursos naturais comúns.

9. A situación pola que atravesa o territorio do AECT Rio Minho está a ser unha oportunidade para demostrar a capacidade común do territorio ante un evento adverso extremo. A iniciativa e a cooperación entre concellos están a resolver con éxito a maior parte das circunstancias persoais que crea o restablecemento da fronteira, así como o sentido da responsabilidade, a implicación e as relacións persoais entre o funcionariado e responsables públicos das diversas administracións. Tamén a ausencia de incidentes ligados ao establecemento do control, así como ás declaracións conxuntas dos responsables do AECT Rio Minho. Confirmamos que as comunicacións continúan sendo fluídas entre os representantes municipais de ambas as beiras do río. O traballo municipal de integración destes anos está a resultar unha garantía de resolución de circunstancias persoais, familiares e empresariais.

10. A creación do AECT Rio Minho permite, nun momento difícil, ter un instrumento institucional e xurídico compartido de actuación sobre o territorio. Esta fortaleza, xunto á cooperación institucional indicada no punto anterior, permite realizar propostas de axuda e viabilidade ás diferentes actividades económicas afectadas no conxunto do AECT. As políticas de asistencia da UE, aínda que de alcance e contido incertos, serán con seguridade relevantes na recuperación económica de ambos os países, e o traballo previo e a xestión das crises realizados poden ser determinantes para avaliar o dano causado.

11. O AECT Rio Minho pode ter un papel moi relevante compartindo a información e a comunicación do territorio e como portavoz da opinión común para facilitar a transición á mobilidade e mellorar a calidade de vida das persoas. Nesa transición e no futuro inmediato será preciso restaurar as actividades económicas e sociais dun modo adaptado á nova realidade, na que a innovación, as novas tecnoloxías e mesmo as propostas disruptivas poden ter sentido para recuperar e xestionar a dinámica do territorio. A calidade da natureza do Miño, o baixo

impacto do virus na área e a cooperación institucional demostrada ante un evento extremo poden converterse en fortalezas no futuro e factor de atracción.

12. O AECT Rio Minho, polo coñecemento sobre a realidade do terreo, é tamén o mellor instrumento para propor medidas conxuntas que non desequilibren ambas as beiras do río, dado que as propostas que non sexan simétricas poden provocar problemas de aplicación práctica. Esta simetría debe servir de protección conxunta á saúde das persoas no desconfinamento dos estados de emerxencia e alarma e axudar a mellorar os efectos das decisións tomadas polas distintas administracións competentes nun lugar no que a realidade é dual.

Outubro de 2021

AUTORES



FRANCISCO XAVIER MARTÍNEZ COBAS

Vigo (1968). Doutor en Economía e Empresa pola Universidade de Vigo. Máster en Contabilidade e Auditoría de Contas. Profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade na Universidade de Vigo. Conselleiro na Editorial Galaxia e membro dos padroados da Fundación Isla Couto e da Fundación Penzol.

As súas principais liñas de investigación son as pequenas e medianas empresas e a xeración de valor social, así como a cooperación transfronteiriza, tanto no ámbito do río Miño transfronteirizo coma na área da tripla fronteira entre a Arxentina, o Brasil e Paraguai.

Foi profesor ou investigador visitante no Instituto da Pequena e Mediana Empresa (Quebec, Canadá), a Universidade Gaston Dachary (Arxentina), a Universidade Católica de Mozambique e a Universidade Libre de Bolzano (Italia), ademais de docente nos másteres das universidades Carlos III de Madrid, Deusto e As Palmas.

No ámbito da xestión foi vicerreitor de relacións institucionais da Universidade de Vigo (2003-2006), director xeral do Real Club Celta de Vigo (2006-2007), conselleiro delegado de Xornal de Galicia (2008-2009) e comisionado de plans estratéxicos na Universidade de Vigo (2010-2018).



CARLOS M. F.-JARDÓN

Doutor en Economía e en Matemáticas pola Universidade de Navarra. Conta co Máster Executive MBA da Escola de Negocios Caixanova e co Máster en Xestión do Coñecemento da Universidade Complutense de Madrid.

Foi profesor de Estatística de Empresa na Universidade de Santiago de Compostela, profesor de Econometría na Universidade de Navarra e profesor de Métodos Cuantitativos da Escola de Negocios Caixavigo-Universidade de Gales. Actualmente é catedrático de Econometría na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.

Realizou numerosas investigacións no campo da economía aplicada e no da investigación de mercados. Colaborou en diferentes proxectos de investigación sobre as relacións económicas transfronteirizas, sobre as empresas galegas e en proxectos sobre estudos económicos e empresariais de Galicia e sobre a súa integración co norte de Portugal. Tamén traballou en proxectos de cooperación na Arxentina e en Paraguai para o desenvolvemento de plans estratéxicos en cadeas empresariais e de proceso de integración produtiva transfronteiriza no Paraná.

Publicado pola Deputación de Pontevedra dentro do proxecto 0256_SMART_MINO_1_E, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER no marco do POCTEP 2014-2020 INTERREG V-A.